XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

23/10/2026

NOTIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS : SEGUIMENTO DOS TRATAMENTOS CONTRA O CANCRO DO CASTIÑEIRO (*Cryphonectria parasitica*)



A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

As cepas hipovirulentas inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomose hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores.

Durante a primavera e o outono realízanse inoculacións de cepas hipovirulentas (hv) de maneira gratuíta. Para participar no programa de distribución de cepas hipovirulentas durante o ano 2026 deberá cubrir a solicitude que se atopa na páxina web https://savfor.xunta.gal/

Durante o verán de 2026 realizouse un seguimento a 311 pes inoculados durante o período comprendido entre xuño de 2024 e xuño de 2025.

A selección do número de seguimentos por concellos realizouse de forma proporcional o número de inoculacións feitas no período indicado.

Xacobeo 2027

Os resultados dos seguimentos realizados foron os seguintes:

	Activo	Activo-cicatrizando	Cicatrizado	Pe / pola eliminada	Pe morto
A Bola		2	17		
A Pobra de Trives		4	3		
Allariz		3	10		
Baños de Molgas		2	15		
Castrelo do Val		8	20		
Cualedro		5	10		
Manzaneda	1	10	23	1	1
Monterrei		4	5		
O Carballiño		1	6		
Oímbra		25	17		
Rubiá	1	13	48	1	
Sarreaus		1	3		
Verea			5		
Viana do Bolo		28	13		
Vigo		1	4		

Pódese observar que a meirande parte dos pos xa teñen o chancro curado e cicatrizado (64%) e en practicamente o resto de pes esta en proceso de curación, con partes aínda co chancro activo e outras xa cicatrizando (34%). O porcentaxe de castiñeiros no que o tratamento no funcionou e inferior o 1% dos pes revisados.

